

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 10-2014 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 31/07/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

INCORPORASE ÁS 20.31MIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- MOCIONS DE URXENCIA

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 9 Sesión ordinaria do día 26/06/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2014 ata o 30/06/2014, que comprenden os números 253/2014 ao 346/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 11 da Sesión ordinaria do día 10/06/2014
- Acta Nº 12 da Sesión ordinaria do día 24/06/2014
- Acta Nº 13 da Sesión ordinaria do día 08/07/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

3.1.- MOCION DO BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia na situación de emerxencia actual que está a vivir o pobo palestino.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exercito israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse

como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa rabia e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para por fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e esixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpe impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina o Goberno Español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Rianxo condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.
2. O Concello de Rianxo solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.
3. O Concello de Rianxo apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.
4. O Concello de Rianxo solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución que aprobaron 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.
5. O Concello de Rianxo apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.
6. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que o Partido Popular condena calquera tipo de guerra pero como non está de acordo con algunha aspecto recollido na moción vanse abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que o seu partido solidarízase co pobo palestino, polo asoballamento que están sufrindo. Trátase dunha verdadeira masacre, onde é relevante a desproporción da forza de Israel e o pobo palestino. Di que a comunidade internacional debe responder e a Unión Europea debe adoptar unhas medidas urxentes para poñer fin a esta situación, a gravidade do xenocidio, a existencia dos campamentos, a violencia contra a poboación civil, etc.

O alcalde di que a desproporción é ostentosa pois Israel é o cuarto exercito do mundo, incluso aparecen como terroristas nas listas internacionais. Remóntase á orixe, na creación do Estado de Israel en 1948. Estados Unidos está a respostar dun xeito diferente a como o faría se non tivera intereses creados; o lobby xudeo nese país é importante e presiona; é o contrapunto ao que acontece de tratarse doutro país (caso de Ucraína) estase a asoballarse polo estado de Israel e a adoptar unha solución infame co pobo palestino, os que sofren son

as mesmas persoas, especialmente mulleres e nenos.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), abstencións 5 (os dos membros do PP) e cero votos en contra dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

3.2.- MOCION DO BNG e PSOE MANIFESTO VACACIÓNS EN PAZ 2014.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde xustifica a urxencia dicindo que a recibiu como unha petición pero quixo o BNG e PSOE traelo como propio, posto que a situación sostida no tempo é lamentable.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< Un verán máis, as rúas dos nosos pobos son escenario, como estes últimos anos, dunha gran acción reivindicativa e solidaria. Miles de persoas de todas as Comunidades e familias de acollida dos 5000 nenos e nenas saharauís do Programa Vacacións en Paz 2014, e co lema central **ACOLLAMOS O SEU SORRISO, LOITEMOS POLA SÚA INDEPENDENCIA**, pretendemos chamar a atención da cidadanía e autoridades das nosas Comunidades sobre a necesidade de impoñer a legalidade internacional e de celebrar xa o Referendo de Autodeterminación no que o pobo saharauí decida libremente sobre o seu futuro.

Durante anos Vacacións en Paz foi un proxecto estrela pola xeración de apoios, a visibilidade do movemento, a recuperación na saúde, as expectativas de romper o illamento no refuxio don amigos fóra, dos que se sabe nome e circunstancias de familia... todo iso, viuse propiciado por centos, miles de familias que aportaron a súa casa, a súa contorna, o seu esforzo, o seu compromiso e a o que esiximos en todo momento sempre algo máis.

Somos moitos e moitas os que acollemos un sorriso e defendemos unha independencia.

É por iso que:

1. Recoñecemos o esforzo solidario, continuo e sostido que leva a cabo a rede de solidariedade co pobo saharauí, a través de multitude de programas, proxectos e actividades de carácter sociopolítico, humanitario, de cooperación e en defensa dos dereitos humanos, en colaboración coa República Árabe Saharauí Democrática (RASD) e tendo como horizonte un Sáhara libre e independente.
2. Esiximos do goberno de España accións que poñan fin ao drama humano que viven os saharauís e poder completar o proceso de descolonización nun referendo de autodeterminación.
3. Instamos ao Consello de Seguridade da ONU a que se amplíen as competencias da Misión de Nacións Unidas para o Referendo do Sáhara Occidental (MINURSO) en materia de dereitos humanos, para que vixie o cumprimento dos mesmos.
4. Denunciamos e rexeitamos a existencia do Muro da Vergonza, crime contra a humanidade, construído polo Reino de Marrocos, que divide o Sáhara Occidental e ao pobo saharauí. Unha fortificación militar de 2.720 quilómetros de minas antipersoas prohibidas ao seu arredor, que seguen causando centenas de vítimas e mutilacións, cuxa existencia segue desafiando a legalidade da comunidade internacional.>>

O alcalde abre o turno de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se suman á moción.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que cando a

recibiron non dubidaron en apoialo, como non podía ser de outro xeito, sabemos que hai familias en Rianxo que acollen a estes nenos e non se pode menos que apoialos nas súas peticións polo esforzo que fan. Asemade tamén quere resaltar a situación vivida polo pobo saharauí e o seu sufrimento.

Incorporase a sesión o concelleiro Xoan Vincenzo Ces Rodríguez, sendo as 20:31 minutos.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, intervéñ para facer unha reflexión sobre a situación do pobo saharauí nos termos da moción e insiste na necesidade de finalizar unha ilegalidade mais, fronte a que debe respostar dunha vez a comunidade internacional.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- ROGOS E PREGUNTAS

P.- A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, pregunta si o bando que sacaron instando a que os cidadáns colocaran a bandeira galega o día 25/07/2014 foi de balde e cal foi a resposta que tivo.

R.- o alcalde di que o bando municipal foi gratis e o anuncio do xornal o mais económico posible, incluso procurouse que saíse como noticia para reducir custos. Daralle o importe do custo no próximo pleno, tamén di que o Presidente da Xunta de Galicia fai anuncios institucionais de carácter público. Rexéitalle que llo critique cando noutros concellos colócanse por doquier como en Santiago de Compostela. Non levou a conta das bandeiras colocadas neste municipio.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, dille que non esta a responder ao falar do presidente da Xunta de Galicia, que iso é outra cousa, que o pensou porque tendo facturas do ano pasado por pagar que se gasten os carto neste non lle parece correcto, e si non houbo moita resposta dos veciños é unha magoa.

O alcalde recrimínalle que se preocupe o Partido Popular disto, que é un custe mínimo e non do que fai o seu propio partido, e que o diñeiro que debe a Xunta de Galicia a todos os galegos, moitas veces por omisión, en connivencia con outros concellos, iso si que é denunciabile e que o comunique ao presidente da Xunta de Galicia

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez di que xa llo dira.

O alcalde di que se faga unha pregunta para isto parécelle fora de lugar.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:39 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:40 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo